

ANIMALADAS DE CINEMA 996

V.V.A.A., 2019

ESTREA EN NUMAX: 13.08.2022 | V.E. | +4 | 40 min

Animaladas de cinema é unha adaptación delirante de fábulas populares levadas á gran pantalla con sentido do humor e enxeño. Pequenas historias universais que conservan o carácter educativo orixinal e engaden creatividade e diversión. O mellor das fábulas e do cartoon nunha mesma proposta.



As seis historias de Animaladas de cinema

La Fontaine vai de rodaxe: o corvo e o raposo, de Pasal Adant

Jean de La Fontaine decide facer un filme coa súa mítica fábula *O corvo e o raposo*. Pero... ten os actores adecuados? Fixo un bo casting?

Rumores, de Frits Standaert

Mentres gozan dunha bonita tarde de verán, tres lebres botan a sesta no medio da selva. De súpeto, escoitan un ruído detrás das follas...

A lei do máis forte, de Pascale Hecquet

Tres simios encapríchanse cun plátano: os tres queren degustar a froita. O simio máis pequeno terá que pensar un bo plan para conseguir que sexa seu!

La Fontaine fai un documental: A ra que quería facerse tan grande coma un boi, de Pascal Adant

Falso documental de animación baseado nunha famosa fábula literaria de La Fontaine, na que unha ra envexosa se propón chegar a ser tan grande coma un boi.

A galiña, o elefante e a serpe, de Fabrice Luang-Vijai

Xuntamos un animal da granxa, un da selva e un do deserto. Obteremos unha fábula delirante e chea de acción.

O pingüín, de Pascale Hecquet

Un pingüín decide marchar do Polo Norte e migrar cara o trópico onde poder tomar o sol e relaxarse baixo os cocos. Pero non todo será tan ideal como imaxinara...